

ACTA PROVISIONAL DE SELECCIÓN DE PROFESORADO, REF: PROXECTO ERASMUS+ Nº 2020-1-ES01-KA102-079982

Reunida a comisión avaliadora do centro educativo IES Vilamarín, con enderezo Lugar O Palacio, 2; 32101 - Vilamarín (Ourense)

ACORDA:

- 1.- Aplicar as regras indicadas no Anexo I (adxunto) para o procedemento de selección.
- 2.- Gardar as probas documentais sobre o proceso de selección seguido, que poderán ser solicitadas pola Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional no caso de revisión documental ou auditoría solicitada polo SEPIE ou outro organismo competente.
- 3.-Que os membros do profesorado deste centro, seleccionados **provisionalmente** para participar como beneficiarios dunha bolsa a través do Consorcio de mobilidades da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades ao abeiro do proxecto arriba referido son:

Sánchez Atán, María Isabel ----- 6,5 puntos

Rúa Calviño, María Dolores ----- 6,45 puntos

Salgueiro Loureiro, Natalia ----- 5,56 puntos

Rodríguez Bello, María Luisa ----- 4,75 puntos

Noya Pampín, Juan Manuel ----- 1,74 puntos

4.-Que os membros do profesorado en reserva son: 0


5.- Establecer un período de 5 días naturais para posibles reclamacións.

E para que así conste asínase o presente documento en Vilamarín, a 13 de febreiro de 2023



A directora do IES Vilamarín

Asdo.: Eva Fachado Rubio



O secretario da comisión avaliadora

Asdo.: Eduardo Redondo Collazo



ANEXO I

Criterios de selección de profesorado para a participación como beneficiarios dunha beca dentro do Consorcio de mobilidade do proxecto N°2020-1-ES01-KA102-079982 no marco do programa Erasmus+ da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

A selección farase en base ós seguintes criterios recollidos no artigo 5 da resolución da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

I. Antigüidade no centro (máximo 2 puntos).

- Con data de destino definitivo anterior ao curso 2017-2018: 2 puntos.
- Con data de destino definitivo comprendida entre o curso 2017-2018 e a actualidade: 1 punto.
- Con destino provisional: 0 puntos.

II. Competencias lingüísticas no idioma do país de acollida ou idioma de traballo, en caso de que sexa diferente do país de acollida (máximo 5 puntos).

A valoración das competencias lingüísticas farase tendo en conta as seguintes variables:

- a) Certificacións de competencias lingüísticas aportadas.
- b) Probas realizadas no propio centro, no caso de que non teña certificación de competencias lingüísticas.
- c) Calquera outro método para probar as competencias lingüísticas decidido polo comité de selección:

Neste apartado **II**, desenvolveranse os apartados **a)** e **c)** como segue:

- a) Certificacións de competencias lingüísticas aportadas:
 - ata A2 no idioma do país de acollida ou idioma de traballo: 1 punto.
 - B1 no idioma do país de acollida ou idioma de traballo: 1,5 puntos.
 - B2 no idioma do país de acollida ou idioma de traballo: 2 puntos.
 - C1 ou C2 no idioma do país de acollida ou idioma de traballo: 2,5 puntos.
- c) Calquera outro método para probar as competencias lingüísticas decidido polo comité de selección:
 - a saber, 0,5 puntos por cada ano cursado de inglés ou do idioma do país de acollida como lingua estranxeira ou sendo esta a lingua vehicular de docencia en materias da titulación habilitante (até 2,5 puntos). Para este apartado, será precisa a presentación de certificación académica ou equivalente que especifique o plan de estudos cursado.

III. Competencias persoais e actitudes (máximo 3 puntos).

Esta valoración farase tendo en conta a opinión da comisión avaliadora do centro sobre a idoneidade do profesorado para aplicar no centro a formación recibida.

Neste apartado valoraranse, entre outros, as motivacións persoais e profesionais para a participación no proxecto, así como o impacto que a formación recibida terá no centro e o seu alumnado.

Deberase obter neste apartado un mínimo de 1,5 puntos para poder ser seleccionado.

IV. No caso de empate nos méritos, darase prioridade, pola seguinte orde:

- Ao profesorado que nunca participara nas mobilidades do Programa Erasmus+.
- Por sorteo.

